

DOMINGO 23 ORDINARIO CICLO B

PRIMEIRA Is 35, 4-7a

Abriranse os oídos dos xordos, exultará a lingua dos mudos

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

Dicídelles aos de corazón tímido:
"Collede ánimo, non temades.
Velaí o voso Deus.
Chega a vinganza, a recompensa de Deus.
Chega El mesmo, e salvaravos".
Entón abriranse os ollos dos cegos,
e os oídos dos xordos destapananse.
Entón o coxo saltará coma un corzo
e a lingua do mudo cantará xubilosa.
Si, saen á luz augas no deserto e ríos na estepa:
a terra reseca convértese nunha lagoa,
e a terra sedenta en mananciais de auga.

SALMO RESPONSORIAL Sal 145, 7. 8-9a. 9bc--10

R/ (1): Louva, miña alma, ao Señor

Ou: Aleluia

El garda por sempre a súa fidelidade:
faílles xustiza aos oprimidos
e dálles pan aos famentos.
O Señor libra os cativos,

o Señor abre os ollos dos cegos,
o Señor endereita os dobrados,
o Señor ama os xustos.
O Señor protexe os forasteiros,

sostén os orfos e as viúvas,
extravía os camiños dos malvados.
Reine o Señor por sempre,
o teu Deus, Sión, polas xeracións.
Aleluia.

SEGUNDA Sant 2, 1-5

Non é que Deus elixiu aos pobres como herdeiros do reino?

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SANTIAGO APÓSTOLO

Meus irmáns, a fe que temos no noso Señor Xesús Cristo, o glorioso, non cadra ben con certos distingos entre persoas. Entra na vosa asemblea -é un supoñer- un home cun anel de ouro, vestido con moita galanura, e entra tamén un pobre vestido con farrapos; se vos fixades no que vai ben vestido, e lle dicides: "ti acomódate ben aquí", e ao pobre "ti queda de pé aí", ou "senta no chan aos meus pés", non estades facendo distincións entre vós mesmos, converténdoos en xuíces de criterios inicuos?

Escoitádeme ben, meus irmáns queridíños: seica non escolleu Deus os pobres deste mundo para seren ricos na fe e herdeiros do Reino que Deus prometeu aos que o aman?

ALELUIA Cf Mt 4, 23:

Xesús predicaba o Evanxeo do Reino, e sandaba toda doenza

DOMINGO 23 ORDINARIO CICLO B

EVANXEO Mc 7, 31-37

Fixo ouvir aos xordos e falar aos mudos

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela, Xesús, deixando Tiro, veu dar por Sidón ao mar de Galilea, atravesando a Decápolis. Presentáronlle un xordomudo, e suplicáronlle que lle impuxese as mans. Xesús, separándoo da xente, meteulle os dedos nas orellas, e tocoulle a lingua con cuspe. Logo, erguendo os ollos ao ceo, suspirou e dixo:

-Effatá (ou sexa: "ábrete").

E no instante abríronselle os oídos, e falaba perfectamente. Logo prohibiulles contalo a ninguén; pero canto máis llelo prohibía, máis o espallaban. E a xente, totalmente abraiada, comentaba:

-¡Que ben o fai todo! Fai que os xordos oían e que os mudos falen.